

COMUNICADO DO EQUIPO DIRECTIVO DO IES Nº 1 DE RIBEIRA

Diante da situación creada pola adxudicación de profesorado aos centros de primaria e secundaria para o vindeiro curso, a dirección do IES Nº 1 de Ribeira quere deixar clara a súa postura e aclarar algúns datos que parecen reflectir que nos movemos no terreo da realidade alternativa, tan tristemente de moda.

En primeiro lugar, e contra o que afirma a Consellería, recollido nun artigo con data 28/07/21 en *La Voz de Galicia* e asinado por Sara Carreira, **SI hai recortes**. Pasar de ter unha plantilla de 72 docentes a unha de 66, como é o noso caso, supón un recorte. Pódense facer xogos de palabras e argumentar todo o que se queira, pero é un recorte. Máis aínda se as previsións do número do alumnado se manteñen.

No citado artigo afirmase que “... non é certo que vaia haber menos profesores que no ano 2019/2020”. Cando lemos isto, no despacho onde levamos traballando dende o 1 de xullo para organizar o curso vindeiro, quedamos estupefactos. **Pasar de 72 profesores/as a 66 non é “haber menos”?**

Esta dirección non entende os criterios que se seguiron para a adxudicación dese número de docentes ao noso centro, máis alá dos puramente económicos: 6 profesores menos no noso centro supoñen para a Consellería un aforro considerable. Despois de expoñer a nosa postura á inspectora do centro, conseguimos facerlle ver os argumentos que xustificaban a nosa petición de 70 profesores/as (non os 72 que tiñamos no curso 2019-2020). O informe enviado a Xefatura Territorial solicitaba a adxudicación dese 70 docentes. A inspectora valorou o funcionamento e a organización dun centro que coñece á perfección e considerou axeitada a nosa solicitude. A resposta de Xefatura foi adxudicarnos 66 profesionais para o curso vindeiro.

Esta diminución vai afectar ao funcionamento, á organización e á calidade da ensinanza ofertada polo centro. Medidas ordinarias de atención á diversidade como a creación de agrupamentos específicos en **1º e 2º da ESO** para alumnado con **dificultades de aprendizaxe** non poderán ser levadas adiante. Nestes momentos, aínda con datos provisionais, hai **25 alumnos e alumnas** dese dous cursos que non poderán recibir a

atención dunha medida como un agrupamento, considerada “ordinaria” pola propia Consellería.

O alumnado que procede do estranxeiro non poderá recibir as clases de **alfabetización** que son imprescindibles para a súa integración e para que poidan seguir as clases cunha mínima garantía. Tampouco poderemos ofertar alfabetización para os adultos, o que permitía ás familias dese alumnado a comunicación co centro educativo e a súa integración na sociedade.

Tanto os agrupamentos como a alfabetización favorecen a permanencia deste tipo de alumnado dentro do sistema educativo o maior tempo posible e a consecución do título da ESO para o maior número posible. Algo que se recolle nos **valores básicos e ideario do noso Proxecto Educativo de Centro**.

O funcionamento de **laboratorios** de linguas e de materias como Bioloxía e Física e Química vese comprometido e desaparecen da oferta educativa. O que supón que a parte práctica destas materias non poderá levarse a cabo reducíndoas aos contidos teóricos. O mesmo pasa cos talleres de Tecnoloxía, onde os **desdobres** permiten traballar cun risco menor para a seguridade do alumnado.

A atención ao alumnado con materias **pendentes** tampouco poderá ser desenvolvida, as gardas verán reducido o número de profesores/as que deben atendelas, co agravante de que o protocolo COVID foi prorrogado cara ao vindeiro curso.

Á vista da situación exposta, solicitamos da administración que se reconsidera a adxudicación de profesorado ao noso centro para poder cubrir a oferta educativa tal e como está formulada neste momento. De non ser así, a calidade do ensino, a organización e o funcionamento do centro veranse seriamente afectados, o que suporá un prexuízo moi importante para o alumnado e as familias. Nestas circunstancias, desde o equipo directivo vemos moi complicado continuar co noso labor e cumprir co recollido no PEC e no proxecto de dirección presentado no seu día.

A Dirección